

THEODOR STORM

# O xinete do cabalo branco

Traducido por Rosa Marta Gómez Pato



Hugin e Munin

O que me propoño relatar lino sentado nunha cadeira de brazos hai máis de medio século na casa da miña bisavoa, a esposa do senador Feddersen, nunha revista forrada en cartón azul. Xa non me acorda se foi na *Leipziger* ou na *Pappes Hamburger Lesefrüchte*. E aínda sinto un arreguizo no corpo cando lembro a suave man da octoxenaria percorrendo e aloumiñando o meu cabelo. Ela e mais a súa época levan xa tempo enterrados. En van tentei dende entón buscar aquelas follas, e polo tanto non podo responder da verdade dos feitos se alguén quixese cuestionalos; só podo asegurar que dende aquela nunca máis se foron da miña memoria e que tampouco non houbo nada que os fixese revivir.

Era unha tarde de outubro, da terceira década do noso século –así comezaba o narrador outrora–, cando cruzaba cabalgando, entre unha forte tempestade, polo dique da rexión de Frisia do Norte. Pola esquerda tiña a erma marisma, o enorme terreo conquistado ao mar onde xa non quedaba gando ningún, que percorrín durante máis dunha hora; á dereita, a unha inquietante proximidade, quedaban as augas baixas do Mar do Norte. En realidade, seica se deberían ver dende o dique as illas de Hallig, pero eu non albiscaba máis ca as ondas dun gris amarelento, cuxas lordentas escumas batían arreo contra o dique cun furioso bruar, mollándonos a min e á miña cabalgadura. Máis alá, o crepúsculo confuso non deixaba distinguir o ceo da terra, pois tamén a lúa crecente nas alturas quedaba a

miúdo cuberta por negros nubeiros que atravesaban veloces o ceo. Ía un frío xélido; as miñas mans entaladas apenas daban agarrado as rendas, e comprendín por que as pegas e as gaivotas se deixaban arrastrar pola ventada terra a dentro, grallando sen parar. Comezara a escurecer e xa non dexergaba nin os cascós da miña montura; non topara con ningunha alma vivente, só oía o berro dos paxaros cando pasaban coas súas longas ás rozándome a min ou a miña egua fiel, e o fragor do vento e da auga. Non nego que degoiraba atoparme nun abeiro seguro.

O temporal duraba xa tres días e eu apousentárame máis tempo do debido na casa dun meu parente moi prezado, dono dunha propiedade máis ao norte. Pero non podía continuar alí; tiña negocios na cidade –que distaba un par de horas en dirección sur– e, malia as artes do meu curmán e mais da súa querida muller para me convencer, e renunciando a saborear as especies máis saborosas de mazás da súa colleita, partín aquela mesma tarde. Antes de me afastar, aínda puideron oír como o meu curmán, dende a porta da súa casa, me advertía:

—Xa verás como has regresar ao que chegues ao mar. Polo si ou polo non, quédache o cuarto arrombado!

E, certamente, cando despois me vin envolto por un manto de nubes negras coma a pez, e os refachos bruaban ao meu redor e trataban de nos tirar do dique a min e a miña egua, por un intre pasoume pola cabeza: «Non sexas tolo! Volve cos teus parentes e senta con eles no seu cálido fogar». Mais, axiña pensei que o camiño de volta era máis longo ca o meu destino, polo que seguí cabalgando e subín o colo do meu abrigo até embozar as orellas.

Reparei entón en que algo se achegaba cara a min polo dique; non oía nada, pero cada vez de maneira máis nítida, no momento no que a lúa proxectaba a súa parca luz, crín recoñecer unha figura escura. Decontado, dada

